

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE XESTIÓN UNIVERSITARIA DE GALICIA PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES EN MATERIA DE SOFTWARE LIBRE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,
DECLARA:

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar co Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións informáticas de xestión Universitaria de Galicia (CIXUG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do Convenio ata o 31/12/2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento da realización de actuacións para o fomento do uso e divulgación do Software Libre no ámbito universitario en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, que no seu artigo 6 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da



información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, as tres Universidades manifestan, a través do Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas de Xestión Universitaria (en diante CIXUG), o seu interese en fomentar e impulsar o uso e coñecemento do software libre no ámbito da súa institución, así como a continuación da actividade dunha oficina de Software Libre Universitaria no seu respectivo ámbito dirixida ao conxunto da comunidade universitaria. O CIXUG é o único ente especializado en materia de software libre no ámbito universitario que reúne ademais a característica de estar integrado polas tres universidades galegas (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo), o dito consorcio realiza as súas tarefas co obxectivo de impulsar a incorporación de mellores prácticas aos procesos asociados á xestión académica, xestión de investigación e xestión económica que permitan o deseño e o desenvolvemento de solucións informáticas que apoiem a xestión universitaria e a integración de datos e información en coñecemento.

A achega económica da Amtega ao abeiro do convenio que se pretende formalizar ten un carácter de interese público, e contribuirá a:

- Accións de formación sobre aplicacións específicas en software libre, así como formación técnica orientada ao persoal de soporte das aulas.
- Elaboración e adaptación de maquetas e recompilacións instalábeis de software libre que contribúan a incrementar o coñecemento e o nivel formativo de distintos colectivos sociais no uso do software libre.



- Realización de labores de difusión podendo empregar con este fin, os seguintes medios: reforzamento do actual repositorio de software libre, reelaboración de contidos procedentes de fontes externas para a súa posta a disposición a través do mesmo, así como publicación dos resultados das actuacións desenvolvidas.
- Organización de eventos para a difusión de contidos ou ferramentas e para a promoción de iniciativas que resulten de interese específico, relacionados co software libre.
- Asesoramento á comunidade universitaria e á sociedade en xeral sobre aspectos relacionados co software libre.
- Realización de proxectos de desenvolvemento no ámbito da universidade para a difusión e incremento do uso do software libre nas mesmas, como por exemplo proxectos de migración do software de xestión, instalación de software libre nas aulas.
- Fomento da produción de documentación en galego e tradución de aplicacións de software libre mediante accións directas de dinamización nos contornos empresariais e universitarios, establecendo medidas de incentivo e recoñecemento.
- Mantemento dos servizos da oficina de software libre (OSL) para a promoción do software libre nas tres universidades galegas.
- O acceso, a través das accións de formación (xornadas, obradoiros, seminarios) a un universo estimado de 250 persoas.

É evidente pois, que a achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrència pública resultando, polo



tanto, de aplicación o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A achega económica outórgase ao amparo do disposto no Regulamento (CE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, (DOUE 24/12/2013, L352/1).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

